

## Nova edición do programa Explorer para emprendedores da USC

Emprendedores entre 18 y 31 anos xa se poden inscribir, **a través de Santander X e ata o 12 de decembro** no programa Explorer 'Jóvenes con Ideas' que impulsa o talento da mocidade e a xeración de proxectos innovadores nun entorno dixital, aberto e colaborativo. O programa, promovido polo Banco Santander a través de Santander Universidades e coordinado polo CISE, brindará formación e mentoring de forma gratuíta a mozas e mozos que queiran desenvolver as súas ideas de negocio.

Os seleccionados poderán beneficiarse do acceso aos Explorer Space da USC (Santiago e Lugo), **dous centros de coworking de alto rendemento** onde desenvolverán as súas ideas de forma colaborativa, conectarán con outros emprendedores e recibirán **asesoramento personalizado** e **formación** impartida por unha rede de mais de 200 expertos en innovación e modelos de negocio.

Para esta nova convocatoria, o programa incorpora **máis contidos dixitais**, fortalecendo a formación cas últimas metodoloxías e reforzando a conexión entre mozos de diferentes Spaces.

### Comunidade, impulso e financiación

Ao finalizar os cinco meses de formación e ideación, **o proxecto mellor valorado del cada Explorer Space viaxará a Silicon Valley**, xunto a outros 56 emprendedores de diferentes centros onde recibirán clases maxistras en empresas tecnolóxicas, asesoramento en internacionalización e contacto con inversores. Ademais, os tres mellores proxectos recibirán **30.000, 20.000 e 10.000 euros** para acelerar o seu desenvolvemento.

Gracias á colaboración ca Fundación EY, Explorer conta tamén co premio **Woman Explorer Award**, que ofrece **20.000 euros** para financiar ó mellor proxecto liderado por unha emprendedora e o premio de innovación **Disruptive Technology Explorer Award** –impulsado por INDRA–, que brindará **3.000 euros** e asesoramento por parte de expertos de Indraventures ó proxecto de negocio máis innovador.

### As entidades locais

Os Explorer Space da Universidade de Santiago de Compostela están localizados en Santiago de Compostela e Lugo e contan co apoio da Xunta de Galicia, en concreto da Secretaría Xeral de Emprego, Consellería de Economía e Industria.

O **USC Santiago de Compostela Space** atópase no Edificio Emprendia, núcleo da Transferencia de Coñecemento, Innovación e Emprendemento do Campus Vida, proporcionado aos participantes un espazo coworking e ferramentas para a incubación e a formación, tanto presencial como virtual, asemade para o traballo colaborativo.

Pola súa banda, o **USC Lugo Space** está na Facultade de Administración e Dirección de Empresas (ADE), dentro do Campus Terra, que xa conta cun espazo coworking a disposición dos emprendedores. A Facultade de Administración e Dirección de Empresas éríxese como un espazo universitario para a creación de valor económico-social, sendo o emprendemento un dos eixos chave

para chegar a tal fin. Ademais, os proxectos premiados neste centro contarán coa dispoñibilidade dun espazo de incubación para o seu proxecto na Fundación CEL, que colaboran activamente na difusión e desenvolvemento do programa entre o seu tecido empresarial.

As actividades destes Explorer Space intégranse no programa de emprendemento da USC que se xestiona dende a **Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento (AVTE)**. Todos os interesados en desenvolver a súa idea de negocio e optar ós premios, deberán presentar a súa candidatura a través dun formulario dispoñible en [www.santanderx.com](http://www.santanderx.com). **Para máis información poden contactar nos teléfonos: 881 815 594 (Santiago) e 982 822 854 (Lugo).**